

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

Número 19 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á modificación e ampliación de aparcamentos en superficie en varios puntos da cidade. (zona 7 San Lorenzo e zona 6 Sar).

Destinatario

15078DCMG14I14D*



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

19 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA Á MODIFICACIÓN E AMPLIACIÓN DE APARCAMENTOS EN SUPERFICIE EN VARIOS PUNTOS DA CIDADE. (ZONA 7 SAN LORENZO E ZONA 6 SAR).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe xurídico da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 14.xullo.2020, así como da proposta do concelleiro delegado de dito servizo da mesma data, que son do seguinte teor literal:

"INFORME XURÍDICO

ASUNTO.- MODIFICACION E AMPLIACIÓN DE APARCAMENTOS EN SUPERFICIE EN VARIOS PUNTOS DA CIDADE.-

Visto o informe do técnico deste servizo de data 10 de xullo de 2020 no que se pon de manifesto que diversas Asociacións Veciñais e distintas solicitudes demandan espazos de para aparcamento de residentes na zona de Galeras e na zona de Sar.

RÉXIME EXCEPCIONAL DE RESIDENTES

ZONA 7.- SAN LORENZO

Estudadas as súas consideracións, neste Servizo de Mobilidade e Seguridade se propón a implicación da zona de residentes 7, San

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

Lourenzo, ós veciños residentes nestas rúas, que carecen de espazos de aparcamento:

Rúa Hortas
Calzada do Carme de Abaixo
Travesa do Carme de Abaixo
Rúa do Carme de Abaixo
Campo das Hortas
Rúa Entregaleras
Rúa das Galeras, dende o número 2 ata o 32.

Para dar cabida ós vehículos destes cidadáns residentes nas rúas relacionadas, se incrementan as rúas que forman parte da zona 7 San Lourenzo incorporándoas ó réxime de residentes, posibilitando o aparcamento en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas, permitíndose o libre estacionamento fora de dito horario, nas seguintes rúas:

- Rúa Salvador Allende, no seu tramo fina, fronte ó colexio Raiña Fabiola, 12 prazas.
- Rúa Entregaleras, a banda completa do seu estacionamento, cun total de 18 prazas.
- Rúa das Galeras, entre o cruce do Pombal e a rúa Presidentes Salvador Allende; agás a zona de carga e descarga existente, 9 prazas.

ZONA 6 SAR.-

Rematadas as obras de reurbanización do ámbito, propónse incluír as rúas Castrón D'Ouro, Patio de Madres e Rúela de Pisón no réxime de residentes da zona verde de Sar, zona 6, polo que os veciños destas rúas poderán optar a dispoñer do distintivo que lles permita aparcas nas prazas de residentes existentes na zona 6 e nas nove prazas que agora se incorporan na rúa Patio de Madres (tres delas de carga e descarga) ó réxime de residentes en horario nocturno de 21:00 a 9:00 horas.

No resto do horario estas prazas estarán destinadas a aparcamento regulado ORA de curta duración.

O Xerente da empresa municipal TUSSA, asesor municipal en temas de mobilidade emite informe sobre a as prazas de aparcamento resultantes das obras de reurbanización das rúas Castrón D'Ouro e Patio de Madres:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

a) RÚA PATIO DE MADRES

6 prazas en Patio de Madres para zona azul de curta duración ó longo do día e residentes en horario nocturno, zona verde.
3 prazas de carga e descarga.

A proposta de que estas prazas de ORA sexan en réxime de curta duración se xustifica en base a que estase a tratar da continuidade en liña coas prazas da ORA do Arco de Mazarelos, polo que se mantén a mesma dinámica de estacionamento da zona, cun trato igualitario para os usuarios da mesma.

Será precisa tamén a colocación dun parquímetro e de sinalización vertical, para informar do uso das prazas.

b) RÚA CONCEPCIÓN ARENAL

Nesta rúa se delimitan 9 prazas da ORA en réxime xeral e 3 prazas de carga e descarga.

Estas prazas serán de réxime xeral; aínda que de cara á futura peonalización do contorna de Mazarelos poderían pasar ó réxime de curta duración.

Esta rúa xa ten medios técnicos para desenvolver o sistema de regulación do aparcamento.

c) RÚA PITELOS

19 prazas da ORA que seguen en réxime de zona xeral
3 prazas de carga e descarga

Estas prazas xa foron habilitadas e están en funcionamento dende o 23 de xuño.

Tódolos veciños residentes en estas rúas que cumpran coas condicións e requisitos esixibles sinaladas na Ordenanza do Sistema de Ordenación de Tráfico e Aparcamento de Residentes, poderán dispoñer do distintivo que lles permita aparcar nas zonas verde destinada a residentes.

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, proponse, acordar: a incorporación das rúas que se relacionan, coa concreción de prazas en cada unha delas na zona de residentes 7 de San Lourenzo:

- Rúa Salvador Allende, no seu tramo fina, fronte ó colexio Raiña Fabiola, 12 prazas.
- Rúa Entregaleras, a banda completa do seu estacionamento, cun total de 18 prazas.
- Rúa das Galeras, entre o cruce do Pombal e a rúa Presidentes Salvador Allende; agás a zona de carga e descarga existente, 9 prazas.

Os veciños residentes nas rúas Rúa Hortas, Calzada do Carme de Abaxio, Travesa do Carme de Abaxio, Rúa do Carme de Abaixo, Campo das Hortas, Rúa Entregaleras, Rúa das Galeras, dende o número 2 ata o 32, que reúnan os requisitos legalmente esixibles, segundas determinacións contidas no artigos 7 e 8 da Ordenanza do Sistema de Ordenación de Tráfico e Aparcamento de Residentes.

Asemade, proponse, incluír as seguintes prazas de aparcamento no Sistema de Regulación de Aparcamento ORA:

6 prazas de aparcamento na rúa Patio de Madres, en réxime de curta duración.

9 prazas de aparcamento na rúa Concepción Arenal, en réxime xeral.

19 prazas da ORA en réxime xeral na rúa Pitelos, que xa están en funcionamento dende o 23 de xuño.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; incorporándose os elementos necesarios para o funcionamento do sistema ORA e a sinalización precisa, de acordo co disposto no Regulamento de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

Circulación e a Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública.de zona conforme o acordo que se adopte.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Visto o informe que antecede da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, desta mesma data, en relación coa inclusión de diversas rúas na zona 7 de San Lourenzo e na zona 6 de Sa re de prazas de residentes, de conformidade coas consideracións que nel se expoñen, propónse, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

A incorporación das rúas que se relacionan, coa concreción de prazas en cada unha delas na zona de residentes 7 de San Lourenzo:

- Rúa Salvador Allende, no seu tramo fina, fronte ó colexio Raiña Fabiola, 12 prazas.
- Rúa Entregaleras, a banda completa do seu estacionamento, cun total de 18 prazas.
- Rúa das Galeras, entre o cruce do Pombal e a rúa Presidentes Salvador Allende; agás a zona de carga e descarga existente, 9 prazas.

Os veciños residentes nas rúas rúas Rúa Hortas, Calzada do Carme de Abaixo, Travesa do Carme de Abaixo, Rúa do Carme de Abaixo, Campo das Hortas, Rúa Entregaleras, Rúa das Galeras, dende o número 2 ata o 32, que reúnan os requisitos legalmente esixibles, segundas determinacións contidas no artigos 7 e 8 da Ordenanza do Sistema de Ordenación de Tráfico e Aparcamento de Residentes.

Asemade, propónse, incluír as seguintes prazas de aparcamento no Sistema de Regulación de Aparcamento ORA:

6 prazas de aparcamento na rúa Patio de Madres, en réxime de curta duración.

9 prazas de aparcamento na rúa Concepción Arenal, en réxime xeral.

19 prazas da ORA en réxime xeral na rúa Pitelos, que xa están en funcionamento dende o 23 de xuño.

Para xeral coñecemento o acordo publicárase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; incorporándose

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

os elementos necesarios para o funcionamento do sistema ORA e a sinalización precisa, de acordo co disposto no Regulamento de Circulación e a Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública.de zona conforme o acordo que se adopte.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar a incorporación das rúas que se relacionan, coa concreción de prazas en cada unha delas na zona de residentes 7 de San Lourenzo:

- Rúa Salvador Allende, no seu tramo final, fronte ó colexio Raiña Fabiola, 12 prazas.
- Rúa Entregaleras, a banda completa do seu estacionamento, cun total de 18 prazas.
- Rúa das Galeras, entre o cruce do Pombal e a rúa Presidentes Salvador Allende; agás a zona de carga e descarga existente, 9 prazas.

Os veciños residentes nas rúas rúas Rúa Hortas, Calzada do Carme de Abaixo, Travesa do Carme de Abaixo, Rúa do Carme de Abaixo, Campo das Hortas, Rúa Entregaleras, Rúa das Galeras, dende o número 2 ata o 32, que reúnan os requisitos legalmente esixibles, segundas determinacións contidas no artigos 7 e 8 da Ordenanza do Sistema de Ordenación de Tráfico e Aparcamento de Residentes.

Asemade, aprobar incluír as seguintes prazas de aparcamento no Sistema de Regulación de Aparcamento ORA:

6 prazas de aparcamento na rúa Patio de Madres, en réxime de curta duración.

9 prazas de aparcamento na rúa Concepción Arenal, en réxime xeral.

19 prazas da ORA en réxime xeral na rúa Pitelos, que xa están en funcionamento dende o 23 de xuño.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I14D	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-07-20 11:58

Para xeral coñecemento, este acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; incorporándose os elementos necesarios para o funcionamento do sistema ORA e a sinalización precisa, de conformidade co disposto no Regulamento de Circulación e a Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública de zona segundo o acordo adoptado.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**

Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada